

Programa de goberno do BNG de Outes

Eleccións municipais 2023

#OutesMereceMáis

Outes
Merece
Máis!






1. Economía e fomento do emprego

Outes merece máis oportunidades

- Elaboración dun plan de desenvolvemento, promoción e diversificación económica coa participación pública dos diferentes sectores municipais e aberto a propostas da veciñanza.
- Elaboración dun plan de apoio, promoción e potenciación do comercio local.
- Creación de bonos comerciais a través do carné "Outes ten máis" para aplicar descontos e outras vantaxes á veciñanza que merque no pequeno comercio.
- Dotación de solo industrial no concello cunha tramitación rigurosa e garantías legais de viabilidade.
- Creación dun consello do sector naval para a súa potenciación e colaboración municipal.
- Fomento e apoio das iniciativas de xestión do monte priorizando o mantemento de camiños, roteiros e a loita contra os incendios mais tamén coa busca do desenvolvemento de retorno económico sostíbel.
- Promoción, protección e creación de marca dos produtos locais: berberecho do Freixo, Outes; cebola de San Cosme, grelo de Valadares, pipións, filloas á Pedra, sombreiro Sancosmeiro.
- Negociación e colaboración cos concellos da ría para a promoción do sector do mar e a creación dunha empresa pública para a conserva en quilómetro cero que xere postos de traballo e cree valor engadido.
- Negociación coa Xunta para a implantación de ciclos formativos de FP no noso instituto acordes ao contexto socioeconómico. (traballo da madeira, sector agrario e carpintaría metálica.)
- Relanzamento da feira dos sábados na Serra dinamizándoa con actividades culturais e reubicándoa na rúa da Vila, co consenso do sector comercial co fin de repotencialo.
- Transporte público interparroquial específico para os días de feira ou festas municipais no concello.
- Creación dunha feira de excedentes agrarios para que a veciñanza poida vender produtos locais de quilómetro cero e estimular o consumo de proximidade.
- Creación dun mercado de nadal en Outes.




1.2. Turismo

- Elaboración, coa participación do sector, dun Plan de Turismo que sirva para afianzar e promocionar Outes coma un destino sostible e de gran retorno económico para a veciñanza.
- Fomento de actividades culturais e promocionais en colaboración coa hostalería en tempada baixa, para desestacionalizar o turismo
- Optimización da publicidade contratada polo concello con revisión de impacto anual.
- Posta en valor da carpintería de Ribeira e dinamización do espazo museístico de Ciprián en Broña.
- Promover a colaboración dos eventos deportivos e culturais en colaboración coa hostalería para a dinamización da mesma fora da tempada alta
- Coidado, mantemento e mellora dos roteiros existentes.
- Mellora na contorna e coidado dos accesos, limpeza e recollida do lixo dos locais do sector.
- Promoción do patrimonio industrial.
- Promoción do Camiño de Santiago ó seu paso polo concello.
- Urbanización e arranxo da pza. Da EDAR para adicar a aparcadoiro de autocaravanas, prohibindo que acampen nos aparcamentos da praia e estimulando así a economía do concello para que merquen e consuman aquí.



2. Infraestructuras e obras Outes merece máis coidados

- Creación dun plan de mantemento anual detallado para garantir a máxima limpeza e condición das estradas municipais, parques e paseos públicos.
- Reforzo e seguimento do servizo de limpeza municipal.
- Reforzo e seguimento do servizo de desbroce de estradas.
- Crearemos un parque infantil cuberto de uso compartido entre o CEIP e a pza. de Galicia e analizaremos a creación dun segundo parque infantil cuberto noutra parroquia do concello.
- Ampliación do parque infantil do Freixo
- Mantemento e actualización dos parques infantís
- Creación de vivendas públicas para alugueiro a través de negociacións con outras administracións e tamén con fondos municipais aproveitando edificios existentes.



- Creación dunha bolsa de vivenda local para o alugueiro.
- Creación dunha liña de axudas para o arranxo de vivendas pechadas para a posta a disposición de alugueiro.
- Negociación coa Xunta de Galiza para que arranxe a estrada xeral nos seus tramos deteriorados: Riba de Mar, Espiñeiro, Margarida, Xurisdición, Viro, Roo, e o Freixo.
- Negociación coa Xunta de Galiza para a creación de sendeiros peonís e carrís bici nas marxes da estrada xeral ao longo de todo o concello.
- Negociación coa Xunta de Galiza para o arranxo e creación de sendeiros peonís na estrada que une Seilán coa Ponte Nafonso.
- Pacificación do tráfico en puntos perigosos do concello mediante a construción de pasos de peóns elevados e outros elementos de seguridade vial.
- Creación de pasos de peóns en lugares onde non existen mais son necesarios.
- Mellora das telecomunicacións: internet, radio e televisión para garantir unha cobertura mínima en todos os lugares habitados de Outes.
- Creación dun plan de humanización e rehabilitación dos centros urbanos do concello: Serra de Outes, Cruceiro de Roo, Freixo e Ponte Nafonso.
- Creación dun plan de actuacións para a humanización e mellora dos núcleos rurais.
- Publicación dun inventario de bens e infraestructuras municipais.
- Modificación do proxecto “Outes Renatur” para construír a nova pasarela peonil sobre o río Tins na rúa pegada a “Frutas Pauma” e así conectar a pza. De Galicia, o Cunchido, a rúa Esperante e a rúa Tins co paseo fluvial e a pza. Do concello.
- Estudo, negociación e xestión para reverter o hotel abandonado de Broña a uso público a través dun proceso participativo de consulta pública.
- Traballaremos para estender o subministro de auga potable municipal a aqueles núcleos que así o soliciten.
- Estudo, adecuación e mellora do tránsito rodado.
- Reclamaremos o desdobre do corredor de Santiago para a súa conversión en autovía.
- Negociación con costas para o remate da senda peonil polo litoral de Outes, desde Broña a Ponte Nafonso
- Continuación do paseo pola Ponte do Ruso coa restauración dos muiños.



3. Políticas sociais

Outes merece máis servizos

3.1. Infancia e xuventude


- Ampliaremos as prazas da escola infantil municipal e faremos unha boa xestión para evitar episodios con pouco persoal no centro.
- Posta en marcha de actividades culturais, de educación científica, artística e ambiental.
- Creación dun espazo de encontro xoven con espazos multideportivos, zonas cubertas e murais dispoñibles para a arte urbana.
- Creación do consello da mocidade de Outes para a participación pública da xuventude na política municipal.

3.2. Persoas maiores

- Municipalización da xestión do servizo de axuda no fogar e negociación con outras administracións para incrementar as prazas.
- Negociación con outras administracións e promoción dunha residencia para persoas da terceira idade e aproveitando, na medida do posíbel, edificios xa existentes como podería ser o antigo Hospital CENGAS en Seilán.
- Promoción de actividades para o avellentamento activo.
- Estudo de viabilidade para a creación de casas do maior a través da Xunta de Galiza.
- Actividades terapéuticas deportivas en instalacións municipais.
- Estudar a creación de vivendas sociocomunitarias para maiores.
- Promoveremos a creación dunha residencia pública no noso concello negociando coa Xunta de Galiza.

3.3. Igualdade

- Creación de campañas de concienciación municipal con participación directa da veciñanza de Outes.
- Garantizar o uso de linguaxe inclusiva na administración local.
- Apostar pola visibilización de artistas femininas nos diferentes programas culturais do concello.
- Visibilizar máis a actividade do Centro de Información a Muller.



3.4. Persoas con necesidades específicas

- Creación dun plan para a supresión de barreiras arquitectónicas e de accesibilidade nos espazos públicos.
- Fomentar e axudar nas actuacións destinadas á supresión de barreiras arquitectónicas en establecementos privados abertos ao público.
- Demandarémolles á Xunta de Galiza para implantar en Outes a posibilidade da hospitalización en domicilio.
- Solicitarémolles á Xunta de Galiza que Outes estea incluído na Equipa de Valoración de Discapacidades da área de Santiago de Compostela.
- Fomentar a participación política activa das persoas con discapacidade.
- Creación dun consello municipal de persoas con discapacidade para a revisión, proposta e debate da inclusividade dos proxectos locais.
- Aumentar a colaboración con ADISBISMUR.
- Desenvolvemento de campañas de concienciación, sensibilización e educativas sobre a realidade de persoas con discapacidade e a importancia da inclusión.
- Dotación de cadeira anfibia e rampa de acceso no areal de Broña.
- Instalación dun salva-escaleiras na Casa da Cultura.

3.5. Benestar animal

- Prestaremos especial atención a que se cumpra coa lei de benestar animal.
- Xestionaremos cun centro especializado a recollida de animais abandonados.
- Adecuaremos unha parte dunha das praias do concello para o acceso con mascotas.



4. Medio ambiente

Outes merece ser máis sostible

- Creación dun plan de saneamento integral das augas residuais do noso concello que avalíe as deficiencias do sistema actual e conteña un listado de todas as actuacións pendentes de facer cunha estimación e compromiso a medio e longo prazo.
- Creación dun plan para o cambio das tubaxes de auga potable que son de microcemento.
- Negociación con outras administracións para a obtención de fondos económicos para o desenvolvemento do plan de saneamento mais tamén doutros proxectos de coidado e rehabilitación de espazos naturais.
- Adhesión á mancomunidade de xestión de residuos “Serra do Barbanza”
- Mellora da eficiencia enerxética no illamento e coa instalación de placas solares e outras enerxías renovábeis nos edificios públicos.
- Eliminación de vertedoiros incontrolados.
- Reposición, limpeza e racionalización dos contedores de lixo. Creación de illas de contedores.
- Posta en valor do medio ambiente e da nosa paisaxe mediante campañas de sensibilización veciñal e nos centros educativos.
- Desenvolvemento de campañas de concienciación e voluntariado para o coidado dos espazos públicos e do medio natural.
- Recuperación e posta en valor do esteiro do Tambre ao seu paso pola Ponte Nafonso e a marea do Cunchido.
- Facilitaremos a xestión de residuos a través dun mini punto limpo móbil que percorra as parroquias a maiores do servizo de recollida a domicilio.
- Lideraremos, xunta cos concellos da ría, unha iniciativa para que todos os municipios que verquen ao río Tambre avancen coa súa depuración das augas residuais.



5. Mobilidade

Outes merece máis conexións

- Crearemos un servizo de transporte municipal para conectar os lugares do concello coa vila e os comercios para que as persoas que non dispoñan doutro medio de transporte, nomeadamente persoas maiores, poidan facer as súas xestións e compras.
- Deseñaremos un plan para a construción de novos sendeiros peonís e ciclistas. Actuacións de baixo investimento que supoñen unha gran mellora da seguridade viaria entre núcleos rurais con afluencia.
- Demandaremos da Xunta a creación de liñas de transporte comarcais con frecuencias horarias e que conecten todos os concellos da ría.
- Demandaremos a inclusión de Outes na área metropolitana de transporte de Santiago de Compostela



6. Cultura e patrimonio

Outes merece máis vida


- Apostaremos por converter o Pampallín nun festival referente no noso país cun programa musical e cultural ambicioso e recuperando o carácter tradicional do lume como eixo vertebrador da festa.
- Promoveremos e potenciaremos a cultura tradicional en todos os seus eidos: música, baile, coñecementos de labor, lírica...
- Promoveremos campañas de apego ao Galego dende a infancia.
- Creación dunha beca para a recollida e investigación do patrimonio inmaterial de Outes.
- Demandaremoslle á Xunta de Galiza a recuperación da casa natal do Poeta Añón.
- Promoveremos a restauración e conservación de arquitectura tradicional
- Recuperaremos o atardecer musical de Broña devolvendoo á identidade co que comezou, de promoción de grupos locais e comarcais
- Desenvolveremos actividades culturais itinerantes por todas as parroquias
- Faremos un programa de cine ao aire libre por todas as parroquias
- Defenderemos e poremos en valor a identidade local.
- Recuperación e restauración de lavadoiros e muiños.
- Xestionaremos e promoveremos a denominación de orixe para os Sancosmeiros.
- Promoveremos obradoiros para a elaboración de Sancosmeiros e outros elaborados a partir do trenzado.
- Coidaremos a banda municipal e a escola de música que a nutre.
- Promoveremos actuacións da escola de música tradicional municipal.



7. Deporte

Outes merece máis saúde

- Deseño e execución dun proxecto para o arranxo integral do complexo deportivo da piscina municipal e adecuación do ximnasio.
- Mellora na xestión da oferta deportiva e facilitar a participación pública no deseño da mesma.
- Ampliar o horario do ximnasio para que non peche aos mediodías e contratar persoal de sala para elaborar entrenamentos personalizados e ensinar no uso correcto das máquinas.
- Deseño dun proxecto que solucione con garantías e co gasto mínimo posíbel, a poder ser con fondos doutras administracións, o arranxo do pavillón de Roo.
- Promoveremos que Outes sexa un concello de acollida para a organización de eventos deportivos, principalmente de deportes náuticos aproveitando a desembocadura do Tambre e a nosa ría.
- Promover o deporte feminino



8. Goberno aberto e transparencia

Outes merece máis democracia

- Creación do carné “Outes ten máis” para facilitar o acceso a servizos municipais como complexos deportivos, reservas culturais e que permita a acumulación de puntos e descontos por consumir no comercio local.
- Creación dunha aplicación móbil para facilitar o acceso á información local, axenda cultural e xestión de trámites sinxelos e cotiáns.
- Creación dunha oficina dixital para que aquelas persoas que non dispoñen de coñecementos ou medios poidan achegarse a facer os seus trámites coa administración pública.
- Promoción, en colaboración co resto de municipios da ría, dunha mancomunidade de concellos para xestionar servizos públicos comúns e facer un uso máis eficiente dos recursos públicos.
- Pago a provedores: mellorar a xestión do pago das facturas para que ningunha pequena empresa local teña que agardar máis de 30 días para cobrar
- Deseño dunha estratexia de comunicación e participación pública da actividade municipal.
- Traballaremos para que Outes se adscriba ao Rexistro da Propiedade de Noia en troques do de Corcubión.

Candidatura do BNG

Outes 2023



1. Anxo Núñez Fernández
(Candidato á alcaldía)



2. Soledad Agra Tuñas



3. Saúl Suárez del Río



4. Bibiana Lestón
Suárez



5. Elvira Martínez
Castro



6. Modesto Molinos
Romero



7. Francisco Andujar
Lois



8. María Fátima
Romay Caamaño



9. Manuel Mella
Blanco



10. Dolores Pena Pena



11. Dario Rúa Lopes



12. María Martínez
Castro



13. Iria Villar Rodal



14. Salvador Alborés
Mayo



15. Juan José
Mariño Reino



16. María del Carmen
Caamaño Silva



17. Ana María
Castro Martínez



18. Jose Manuel
Moledo Martínez



19. Ainara Louro Castro



20. Vicente Manuel
Fernández Domínguez



21. Lidia Vicente
Lorenzo



22. Vicente Abelleira
Cambeiro

